

GUÍA DE INSTRUCCIÓN PREVIAS SOBRE CUIDADOS E TRATAMENTO DA SAÚDE

Edición bilingüe

RE
XIS

TRO GA

LE

GO

*de instrucción
previas*

A túa vontade sempre primeiro

XUNTA DE GALICIA

GUÍA DE INSTRUCCIÓN PREVIAS SOBRE COIDADOS E TRATAMENTO DA SAÚDE

Edición bilingüe

RE
XIS

TRO GA

LE

GO

*de instruccións
previas*

A túa vontade sempre primeiro

XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Andaina  Publicidade

IMPRESOR:

Gráficas Anduriña

DL: PO 710-2008

AUTORES

- Barón Duarte, Francisco Javier
- Castillo Losada, M^a Ángeles
- De la Fuente Cid, Ramón
- Getino García, M^a del Pilar
- López García, M^a Luisa
- Mato Gervás, M^a Antonia
- Molíns Gauna, Nieves
- Sánchez Ibáñez, Jacinto
- Tasende Souto, Margarita Mercedes

EQUIPO REDACTOR

- Bustelo Cerqueiras, Víctor Manuel
- Calabuig Martínez, M^a Teresa
- Getino García, M^a del Pilar
- López García, M^a Luisa
- Tasende Souto, Margarita Mercedes

PRESENTACIÓN	5
CONSIDERACIÓNS XERAIS	7
1. Que é o documento de instrucións previas?	9
2. Planificación anticipada das instrucións previas	9
3. Quen pode outorgar o documento de instrucións previas?	10
4. Cal debe ser o contido do documento de instrucións previas?	10
5. Designación dun representante interlocutor	12
6. Como se outorga o documento de instrucións previas?	13
7. A quen vai dirixido o documento de instrucións previas?	14
8. En que casos non se poden aplicar as instrucións previas?	14
9. Actualización do documento de instrucións previas	14
10. Existe a posibilidade de revogar o documento?	15
11. Rexistro galego de instrucións previas	15
12. Como se fai para a inscrición dun documento no Rexistro galego de instrucións previas?	16
13. Documentación que hai que presentar para rexistrar un documento de instrucións previas	16
14. Resolución da inscrición dun documento de instrucións previas no Rexistro galego	17
15. Profesionais sanitarios	18
16. Modelo de documento de instrucións previas	22
UNIDADES DO REXISTRO GALEGO DE INSTRUCIÓNS PREVIAS	23
DEFINIÇÕES DE CONCEPTOS RELACIONADOS COAS INSTRUCIÓNS PREVIAS	27
LEXISLACIÓN	35
ANEXOS	39
Anexo I: Documento de instrucións previas outorgado ante testemuñas	41
Anexo II: Nomeamento de representante/substituto	44
Anexo III: Declaración de testemuñas	45
Anexo IV: Solicitude de inscrición dun primeiro documento, da súa substitución, ou da súa revogación no Rexistro galego de instrucións previas	46
Anexo V: Revogación do documento de instrucións previas	47

Prodúcese unha gran satisfacción poñer á vosa disposición esta *“Guía de instrucións previas sobre cuidados e tratamento da saúde”* que pretende ser unha ferramenta de consulta, tanto para a cidadanía en xeral como para os profesionais da organización sanitaria. As directrices estratéxicas da Consellería de Sanidade recollen as liñas de actuación e plans e proxectos asociados, e en primeiro lugar sinalase *“garantir o efectivo exercicio dos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria”*.

Un destes dereitos relacionado coa autonomía individual é que *“se teña en consideración a vontade do paciente manifestada previamente no documento de instrucións previas, para cando chegue a estar nunha situación na que, polas circunstancias que sexan, non poida expresala persoalmente”*. Ademais, estas instrucións deben ser un instrumento de axuda para a toma de decisións dos profesionais sanitarios. Coa finalidade de garantir a eficacia deste dereito foi preciso crear un Rexistro galego de instrucións previas (Decreto 259/2007, do 13 de decembro), de tal xeito que as indicacións sinaladas polos pacientes e debidamente formalizadas nun documento, poidan ser coñecidas polo médico desta comunidade autónoma que nese momento preste a asistencia sanitaria. O correcto funcionamento do rexistro tamén é garante do coñecemento da vontade dos pacientes noutras comunidades autónomas ou cidades españolas, xa que estará coordinado co rexistro nacional.

Para que os cidadáns poidan exercer este dereito e facilitar e axilizar a tramitación correspondente, a Consellería de Sanidade puxo en marcha cinco unidades de rexistro. Estas unidades están emprazadas do seguinte xeito: nos servizos centrais da consellería, na Subdirección Xeral de Aseguramento, e as outras catro en cada unha das delegacións provinciais.

Na guía inclúese un modelo de documento de instrucións previas que pode servir de orientación a aquelas persoas que desexen manifestar deste xeito a súa vontade e que recolle, ademais de determinadas situacións clínicas, posibles opcións e indicacións acerca de cuidados e tratamentos da saúde, e respecto ao destino de órganos, tecidos e do propio corpo.

Estas aclaracións e outras de maior interese práctico son recollidas nesta guía, e aproveito esta oportunidade para agradecer ás persoas que participaron na súa elaboración o seu traballo e esforzo.

Compraceríame que esta guía lles sexa de utilidade e axuda e, ademais, a Consellería de Sanidade está á súa disposición para tratar de dar respostas ás súas demandas e dúbidas ao respecto.

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade



CONSIDERACIONES
XERAIS



1. Que é o documento de instruccións previas?

É o documento mediante o cal unha persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta anticipadamente a súa vontade sobre os coidados e tratamentos que podería precisar no futuro e o destino final do seu corpo, co fin de que esta vontade sexa respectada no caso de que non teña capacidade para manifestala.

En tanto a persoa que outorgara un documento de instruccións previas teña capacidade e posibilidade de expresar a súa vontade, esta prevalece sobre o manifestado no documento.

Este documento supón un paso máis no recoñecemento do dereito de autonomía dos pacientes, permitíndolles decidir sobre os coidados e o tratamento da saúde que desexan recibir ante situacións futuras.

Pero isto non significa que todo aquilo que se recolla no documento se vaia ter en conta, xa que poden darse situacións que impidan a súa aplicación (ver punto 8).

Un documento de instruccións previas formalmente outorgado ten a mesma validez legal estea ou non rexistrado. O feito de rexistralo engade a vantaxe dunha maior difusión, de modo que a súa vontade poida ser coñecida independentemente do centro que lle preste a asistencia sanitaria, sempre que este se atope en territorio nacional.

2. Planificación anticipada das instruccións previas

É recomendable non esperar a chegar a unha situación crítica con respecto a unha enfermidade para empezar a falar cos seus achegados e cos profesionais sanitarios dos aspectos relacionados co final da vida e/ou da perda de capacidade de decisión.

É necesario entender que o documento de instruccións previas non é un papel máis a cubrir e asinar, senón que é o resultado

dun proceso previo de planificación e deliberación tras obter unha información axeitada, reflexionar sobre ela e comunicar as súas preferencias e valores persoais aos seus seres queridos, aos profesionais sanitarios e, de ser o caso, ao representante.

Neste sentido recoméndase compartir, con quen considere máis próximo, o que entende por levar unha calidade de vida razoable e digna, os seus obxectivos, as súas crenzas morais e espirituais, as súas preocupacións, as razóns polas que pode rexeitar ou aceptar un determinado tratamento. Isto permitirá, nun futuro, axudar a interpretar a súa vontade e servirá de orientación á hora da toma de decisións.

Debe ser un proceso de comunicación integral e continuado, o que significa que é conveniente levar a cabo revisións periódicas, xa que as preferencias reflectidas no documento poden cambiar co tempo.

3. Quen pode outorgar o documento de instrucións previas?

Calquera persoa maior de idade que estea capacitada e actúe libremente.

4. Cal debe ser o contido do documento de instrucións previas?

O documento deberá ter en todo ou parte o seguinte contido:

■ Instrucións e opcións acerca dos **coidados e o tratamento da saúde.**

Neste apartado poden recollese aqueles tratamentos e/ou coidados que desexa ou non recibir en relación a situacións clínicas

específicas, como poden ser enfermidades neurodexenerativas avanzadas, insuficiencia de órganos avanzada, cancro diseminado e outras.

Entre os coidados e tratamentos podemos relacionar os seguintes:

- Reanimación cardiopulmonar
- Soporte vital:
 - Hidratación e alimentación artificiais
 - Ventilación artificial
 - Diálise
 - Fármacos vasoactivos
- Analxesia
- Sedación
- Transfusións:
 - Sangue completo
 - Derivados sanguíneos: plaquetas, plasma, albumina
- Expansores plasmáticos
- Antibióticos
- Coidados de confort

No caso de embarazo, pode recollerse expresamente o desexo de aprazamento das instruccións previas ata o remate daquel.

■ Instruccións sobre o **destino final do corpo**.

• **A doazón.** Para certas enfermidades avanzadas, a única opción de que dispoñen os pacientes para poder seguir vivindo ou mellorar ostensiblemente a súa calidade de vida, é o transplante dun órgano ou un tecido, como por exemplo o corazón, o figado, ou unha córnea. Isto só se pode realizar tras o falecemento dunha persoa e que se constate que non existía oposición expresa por parte do falecido á doazón ou que existan unhas instruccións previas ao respecto.

É posible que vostede se declare doador e que incluso teña a tarxeta de doador, pero se quere ter unha maior seguridade de que se teña en conta a súa vontade e de que se cumpran

os seus desexos, pode poñelo de manifesto no documento de instrucións previas.

Os órganos que se poden doar son: os riles, o fígado, o páncreas, o corazón, os pulmóns e o intestino. Os tecidos que se poden doar son: as córneas, a pel, o óso, as cartilaxes e tendóns, os vasos sanguíneos (arterias e veas) e as válvulas cardíacas.

Atopará máis información sobre doazón na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

- **Outros destinos.** A medicina require unha constante investigación, tanto para poder coñecer o comportamento de certas enfermidades, como para poder dar unha completa formación aos futuros profesionais sanitarios. Por iso, tamén existe a opción de poder doar o corpo á ciencia. Esta opción é absolutamente complementaria e compatible coa de doar os órganos e tecidos para transplante.

No documento tamén se poderán incluír **criterios e valores persoais**:

Dado que é imposible especificar todas as circunstancias que se poderían dar, sería conveniente que se reflectan no documento os seus criterios e valores persoais respecto do que vostede considera unha vida de calidade dende o punto de vista da saúde, que entende por unha morte digna, a importancia que da á independencia física e/ou psíquica, as súas crenzas morais e espirituais así como outros temas relacionados. O coñecemento destes aspectos facilitará a toma de decisións médicas.

5. Designación dun representante interlocutor

No documento de instrucións previas poderase nomear unha persoa representante para que, chegado o caso, sirva como interlocutor co médico ou co equipo sanitario para procurar o cumprimento das instrucións previas.

É preciso sinalar a utilidade de que o outorgante designe un representante co que manteña unha gran comunicación e entendemento, dada a importancia do papel que pode desempeñar no futuro. Para iso debería elixirse unha persoa próxima e de confianza, que tomara parte no proceso de planificación das instruccións previas, coñecera a vontade do outorgante e estivese de acordo co exercicio da representación.

Esta persoa representante poderá ser un menor de idade, no obstante, a eficacia da designación quedará condicionada a que unha vez chegada a situación na que deban ser aplicadas as instruccións previas, a persoa representante sexa maior de idade e ostente plena capacidade de obrar.

O outorgante poderá tamén designar un substituto do representante, que exercerá as funcións deste en caso de falecemento ou incapacidade do representante designado.

6. Como se outorga o documento de instruccións previas?

O documento de instruccións previas debe estar formalizado mediante algún dos seguintes procedementos:

■ **Ante tres testemuñas** maiores de idade e con plena capacidade de obrar.

O papel das testemuñas é dar fe de que o outorgante está capacitado e actúa libremente. Teñen que asinar o documento de instruccións previas xunto co outorgante.

Destas testemuñas dúas, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade, nin estar vinculadas por relación patrimonial coa persoa outorgante.

■ **Ante notario**, sen necesidade de testemuñas.

7. A quen vai dirixido o documento de instrucións previas?

As instrucións manifestadas no documento van dirixidas ao médico ou ao equipo sanitario que preste a asistencia á persoa outorgante, e unicamente terán eficacia cando a mesma se atope nunha situación que non lle permita expresar persoalmente a súa vontade.

8. En que casos non se poden aplicar as instrucións previas?

- Cando a súa aplicación sexa contraria á lexislación vixente.
- Aquelas actuacións ou omisións que vaian contra o que marca a *lex artis*.
- Cando a situación clínica non se corresponda coas previstas no documento.

9. Actualización do documento de instrucións previas

O contido do documento de instrucións previas debe ser revisado periodicamente, e especialmente cando sucedan acontecementos que puideran cambiar os valores, preferencias e desexos do outorgante.

Por iso, cando se considere que é preciso modificalo, aínda que sexa parcialmente, é necesaria a súa substitución por un novo documento seguindo algún dos procedementos sinalados no punto 6 desta guía (ante tres testemuñas ou ante notario).

10. Existe a posibilidade de revogar o documento?

En calquera momento o outorgante poderá revogar o documento de instruccións previas, deixando constancia por escrito da súa vontade.

11. Rexistro galego de instruccións previas

Existe un Rexistro galego de instruccións previas (REGAIP), dependente da Consellería de Sanidade, no cal os outorgantes poden, voluntariamente, inscribir os seus documentos, ou se é o caso, a súa substitución ou a súa revogación.

Este rexistro está suxeito ás debidas precaucións de seguridade e confidencialidade.

A finalidade do rexistro é facilitar na Comunidade Autónoma de Galicia o coñecemento da existencia do documento de instruccións previas aos profesionais que prestan a asistencia sanitaria, así como a súa consulta chegada a situación en que sexa necesario telo en conta.

Non obstante, se vostede fai un documento de instruccións previas e non o inscribe no rexistro, non impedirá a súa aplicabilidade no ámbito sanitario.

Co fin de garantir a súa eficacia en todo o territorio nacional, o Rexistro galego de instruccións previas estará interconectado co rexistro nacional onde se recollen as instruccións previas inscritas nos distintos rexistros autonómicos.

Se vostede inscribe un documento de instruccións previas no Rexistro galego e con anterioridade tiña inscrito un documento noutra comunidade autónoma, enténdese a súa baixa no rexistro nacional e a súa actualización no mesmo con estoutro novo documento inscrito.

Do mesmo xeito, de rexistrar con posterioridade un documento de instrucións previas no rexistro doutra comunidade autónoma, enténdese a súa baixa do Rexistro galego.

12. Como se fai para inscribir un documento no Rexistro galego de instrucións previas?

Debe facerse unha solicitude cubrindo o modelo correspondente que figura no anexo IV (páxina 46) desta guía. Este modelo serve para solicitar, tanto a inscrición dun primeiro documento de instrucións previas, como a substitución ou revogación daqueles documentos previamente inscritos.

O modelo está dispoñible en calquera das unidades do Rexistro galego de instrucións previas situadas na sede central da Consellería de Sanidade e nas súas delegacións provinciais. Tamén poderá obterse a través da páxina web oficial do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

A solicitude deberá dirixirse a calquera das unidades do Rexistro galego de instrucións previas citadas. Tamén poderá presentarse en calquera centro do Servizo Galego de Saúde onde se lle dará traslado á unidade do Rexistro que corresponda.

As diferentes unidades do Rexistro de instrucións previas, ademais das funcións administrativas derivadas do procedemento de inscrición, proporcionan información e axuda aos cidadáns que a soliciten, ben de forma presencial ou telefónica.

13. Documentación que hai que presentar para rexistrar un documento de instrucións previas

A solicitude irá acompañada en sobre pechado da seguinte documentación:

■ No caso de terse formalizado **ante testemuñas**:

a. Documento orixinal de instrucións previas (recoméndase paxinalo) asinado pola persoa outorgante e as tres testemuñas (deben figurar o lugar e a data do outorgamento).

b. Declaración responsable de cando menos dúas das tres testemuñas de non ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade nin estar vinculadas por relación patrimonial coa persoa outorgante.

c. Copias compulsadas do DNI/pasaporte da persoa outorgante e das testemuñas.

■ No caso de terse formalizado **ante notario**:

a. Copia auténtica do documento de instrucións previas.

b. Copia compulsada do DNI/pasaporte da persoa outorgante.

■ No caso de que se designe unha persoa **representante** e, de ser o caso, un substituto, deberase así mesmo xuntar:

a. Documento que acredite a súa designación asinado polo outorgante.

b. Copia compulsada do DNI/pasaporte da persoa representante e, de ser o caso, do seu substituto.

En calquera caso, é **importante que o outorgante quede cunha copia** do documento de instrucións previas.

14. Resolución da inscrición dun documento de instrucións previas no Rexistro galego

Comprobado o cumprimento dos requisitos legais e formalidades esixidas, é a Dirección Xeral de Aseguramento e Planifica-

ción Sanitaria o órgano competente para autorizar ou denegar a inscrición do documento de instrucións previas no rexistro. Se vostede solicitou unha inscrición, comunicaráselle a resolución adoptada. Debe entender que é favorable se no prazo dun mes non recibe comunicación algunha.

15. Profesionais sanitarios

Chegada unha situación na que o paciente non sexa quen de expresar persoalmente a súa vontade, o médico ou o equipo sanitario que presta a asistencia debe acceder ao rexistro para comprobar a existencia ou non dun documento de instrucións previas, e de existir, telo en conta á hora da toma de decisións.

Así mesmo, este médico poderá acceder ao rexistro cando sexa autorizado pola persoa outorgante.

As actuacións relativas á aplicación ou non do contido no documento de instrucións previas faranse constar razoadamente na historia clínica do paciente.

O acceso dos facultativos do Servizo Galego de Saúde ao Rexistro galego de instrucións previas (REGAIP) farase a través da historia clínica electrónica (IANUS). No caso de que o paciente teña inscrito un documento no rexistro, farase referencia á existencia do mesmo na citada historia clínica electrónica tal e como se mostra a continuación (Imaxe 1).

The screenshot shows the IANUS web interface in Microsoft Internet Explorer. The patient's name is 'NOME DO PACIENTE' and age is '45 años'. The left sidebar lists various medical categories, with 'Episodios' selected. The main content area displays a document titled 'Documento de Instruccións Previas' with a date of '13/02/2007'. Below the title is a table with columns 'NIF', 'Apelidos', 'Nombre', and 'Orden'. The table contains two entries: '2222222F' and '3333333F'.

NIF	Apelidos	Nombre	Orden
2222222F	GONZALEZ LOPEZ	ANTONIO	1
3333333F	FERNANDEZ GOMEZ	LUIS	2

The document content includes a preface, criteria for decision-making, specific health situations, and instructions for care and treatment.

DOCUMENTO DE INSTRUCCIONES PREVIAS

Eu, _____, maior de idade, con DNI/pasaporte/NIE _____ e domicilio en rúa _____ número _____ con plena capacidade de obrar e actuando libremente, outorgo o presente **documento de Instruccións Previas** en presenza de tres testemuñas, para que se teñan en conta se no futuro me encontro incapacitado para tomar decisións como consecuencia do meu deterioro físico e/ou mental.

I.- CRITERIOS E VALORES PERSOAIS A TER EN CONTA:

.....

II.- SITUACIÓNS SANITARIAS CONCRETAS NAS QUE QUERO QUE SE TEÑAN EN CONTA AS INSTRUCCIONES PREVIAS:

- Situación terminal.
- Estado de inconsciencia permanente e irreversible.
- Enfermidade progresiva avanzada (demencias, enfermidade dexenerativa do sistema nervioso/muscular, enfermidade inmunodeficiente, cancro diseminado).
- Outras.

III.- INSTRUCCIONES SOBRE COIDADOS E TRATAMENTOS:

..

Imaxe 1: Visualización do documento de instruccións previas a través da historia clínica electrónica (IANUS).

De non constar tal referencia, será preciso realizar unha consulta ao Rexistro nacional de instruccións previas –a través de IANUS- para comprobar a existencia ou non dun documento rexistrado noutra comunidade autónoma.

Para recoñecer aos pacientes que teñen un documento de instruccións previas inscrito no rexistro, dende as unidades de admisión e a través do Sistema de Información Hospitalaria de Galicia (SIHGA) identificarase cun aviso a aqueles que teñan un documento de instruccións previas rexistrado (Imaxe 2). Cada hospital establecerá os circuitos necesarios para achegar esta información aos servizos clínicos e aos facultativos responsables dos pacientes.

urg11s1		URGENCIAS - DATOS DE LA ATENCION		14/02/2008	
NHC	: 2020147	NOME DO PACIENTE			
Pertenencia al Ambito	: 3	SI			
Fecha de Atencion	: 14/02/2008	Hora de Llegada	:	10:36	
		Hora de la Atención	:	10:36	
Tipo de Financiación	: 1	Seguridad Social			
Financiador	: 11	Seguridad Social Galicia			
Servicio	[AVISO]				
Motivo	Existe Documento de Instrucciones Previas [X]				
Procede					
Centro/					
Medico					
Tipo de Patologia	: 1	Enfermedad comun			
P10	: 2	NO			
Faltan Datos	: 1	SI			
Tipo Documentación	: 4	Verbal			
Diagnóstico Ingreso	:				

[th]

Imaxe 2: Aviso no SIHGA da existencia dun documento de instrucións previas inscrito no Rexistro galego de instrucións previas.

Os facultativos que traballen en centros que non pertencen ao Servizo Galego de Saúde accederán ao sistema a través dunha comunicación telemática segura, e para iso deberán ter solicitado á Consellería de Sanidade autorización para uso da aplicación e dispor dun certificado de sinatura electrónica recoñecida (Imaxes 3 e 4).



Imaxe 3: Pantalla inicial da aplicación do Rexistro galego de instrucións previas: identificación do facultativo.

Nombre: (Tarea: Facultativo)

ACCESO FACULTATIVO

Paciente:

NIF:

CIP:

63103D OP TA 0 018 8000952403

PERNIO. 16/95

33/224547950 CODIGO C. 001

0238 ASESADO AZULEPO

Acceso al REGOP.

Leto Zona desconocida ()


Imaxe 4: Identificación do paciente na aplicación.

16. Modelo de documento de instrucións previas

Existen diferentes modelos e propostas de documentos de instrucións previas elaborados por distintas institucións, asociacións e comunidades autónomas.

No anexo I desta guía (páxina 41) atópase un modelo orientativo de documento de instrucións previas, formalizado ante testemuñas, elaborado por un equipo multidisciplinar da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, que se adapta aos requirimentos normativos da nosa comunidade autónoma.

Así mesmo, xúntanse outros modelos que poden servir como orientación en relación á documentación que hai que presentar para inscribir, substituír ou revogar un documento de instrucións previas.



UNIDADES DO
REXISTRO GALEGO DE
INSTRUCCIÓN PREVIAS



Servizos centrais da Consellería de Sanidade

Subdirección Xeral de Aseguramento
Edificio administrativo San Lázaro s/n
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881 540 313

Delegación Provincial de Sanidade da Coruña

Rúa Gregorio Hernández nº 2-4
15011 A CORUÑA
Teléfonos: 981 155 823 / 981 155 852

Área Sanitaria de Ferrol

Unidade de Atención ao Paciente
Hospital Arquitecto Marcide
Avda. da Residencia, s/n
15405 FERROL
Teléfonos: 981 334 070 / 981 334 043

Delegación Provincial de Sanidade de Lugo

Rúa Montevideo nº 9, 1º
27001 LUGO
Teléfonos: 982 292 086 / 982 292 116

Delegación Provincial de Sanidade de Ourense

Avenida de Zamora nº 13
32006 OURENSE
Teléfono: 988 066 320

Delegación Provincial de Sanidade de Pontevedra

Avenida de Vigo nº 16
(Próximas instalacións:
Avenida de Fernández Ladreda nº 43)
36003 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 885 334

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Rúa Concepción Arenal, nº 8
(Edificio Torre, 2º andar)
36201 VIGO
Teléfono: 986 817 240



DEFINICIÓN DE CONCEPTOS
RELACIONADOS COAS

INSTRUCCIONES PREVIAS



Analxesia: Intervención destinada a diminuír ou eliminar as sensacións dolorosas.

Analxésico: Medicamento capaz de producir analxesia.

Autonomía: Capacidade dunha persoa para tomar decisións libremente e xestionar aspectos relativos á súa vida e á súa morte.

Calidade de vida: Percepción subxectiva dun individuo de vivir en condicións dignas segundo os seus valores.

Capacidade de obrar: Aptitude dunha persoa para comprender a situación á que se enfrenta ou pode afrontarse, as alternativas posibles de actuación e as consecuencias previsibles de cada unha delas, para poder así tomar decisións consecuentes.

Coidados de confort: Medidas de hixiene e atención necesarias para procurar o benestar básico do paciente.

Coidados paliativos: Aqueles tratamentos e coidados dos pacientes con enfermidades progresivas avanzadas, con pronóstico de vida limitado, dirixidos a solucionar as necesidades físicas, psicolóxicas, sociais e espirituais destes pacientes e das súas familias. En ocasións complementan os tratamentos específicos paliativos da enfermidade de base.

Deliberación: Proceso de valoración dos factores que interveñen nunha situación concreta, co fin de buscar a solución óptima, ou en calquera caso, a menos prexudicial para os valores en xogo.

Demencia: Estado no que por razóns evolutivas (envellecemento) ou de enfermidade (dexeneración, lesión, trastornos vasculares) pérdense as funcións cerebrais superiores. Caracterízase por desorientación, alteración da memoria e debilidade emocional.

Diálise: Método de depuración do sangue que se utiliza fundamentalmente en pacientes con insuficiencia renal que precisan substitución da función renal.

Documento de instrucións previas: É o documento mediante o cal unha persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta anticipadamente a súa vontade sobre os cuidados e tratamentos que podería precisar no futuro e o destino final do seu corpo, co fin de que esta vontade sexa respectada no caso de que non teña capacidade para manifestala.

Enfermidade inmunodeficiente: Estado patolóxico do organismo debido á diminución das súas defensas.

Enfermidade progresiva avanzada: Aquela que pola súa historia natural e evolución pode non ser candidata a tratamento curativo e presenta complicacións e prognóstico de vida limitado. Podería mellorar con tratamentos específicos paliativos.

Enfermo crítico: Paciente cuxa vida ten risco de evolución fatal debido a unha enfermidade ou proceso grave potencialmente recuperable.

Estado de inconsciencia permanente irreversible: Aquel no que o paciente non ten consciencia de si mesmo nin do seu entorno e con incapacidade para interactuar con outras persoas de forma mantida no tempo.

Expansores plasmáticos: Substancias naturais ou artificiais que administradas no sistema circulatorio aumentan o seu volume.

Fármacos vasoactivos: Medicamentos destinados a proporcionar e/ou manter a estabilidade cardiocirculatoria.

Hidratación e alimentación artificiais: Proporcionar líquidos e nutrientes a un paciente a través dunha sonda nasogástrica e/ou por vía endovenosa.

Lex artis: Conxunto de prácticas médicas aceptadas xeralmente coma axeitadas para tratar aos enfermos no momento presente, segundo o estado dos coñecementos da ciencia e das técnicas. Por definición é cambiante co progreso da Medicina, así coma coas peculiaridades persoais de cada paciente.

Limitación do esforzo asistencial: Retirar ou non aplicar medidas diagnósticas ou terapéuticas cando se demostra unha desproporción entre os beneficios e os prexuízos, evitando accións fútiles e obstinación terapéutica.

Obstinación terapéutica: Utilización de medidas ou tratamentos fútiles para prolongar artificialmente a vida dun paciente cunha enfermidade irreversible ou terminal.

Outorgante: Persoa que manifesta a súa vontade sobre coidados e tratamento da súa saúde e/ou sobre o destino final do seu corpo mediante un documento de instrucións previas.

Parentesco: Vínculo existente entre persoas que pertencen á mesma familia, pode ser por consanguinidade, por afinidade ou por adopción.

Parentesco por afinidade: Parentesco que mediante o matrimonio se establece entre cada cónxuxe e os deudos consanguíneos do outro (familia política).

Parentesco por consanguinidade: Relación ou unión familiar que xurde entre persoas que descenden unhas das outras (p.e., pai ou nai/fillo) ou dun tronco común (p.e., irmáns, tío/sobriño).

Primeiro e segundo graos de consanguinidade e afinidade: Pais, fillos, avós, netos, irmáns, sogros, xenros/noras e cuñados.

GRAOS	TITULAR/ CÓNXUXE				
	CONSANGUINIDADE			AFINIDADE	
1º	Pais	Fillos		Sogros	Xenros/ Noras
2º	Avós	Netos	Irmáns	Cuñados	

Reanimación cardiopulmonar: Conxunto de manobras encamiñadas a reverter a parada cardiorrespiratoria, buscando restaurar a circulación e respiración espontáneas.

Relación patrimonial: Enténdese que hai relación patrimonial entre dúas persoas cando entre ambas as dúas hai créditos ou débedas, pertenza en común de bens mobles ou inmoables, titularidade conxunta dunha entidade profesional, explotación mercantil ou industrial ou, en xeral, calquera outro vínculo de obriga de natureza económica.

Representante: Persoa designada polo outorgante para que, chegado o caso, actúe como interlocutor co médico ou co equipo sanitario que preste a asistencia, para procurar o cumprimento das instrucións previas.

Revocar: Anulación do documento de instrucións previas e/ou da designación de representante e/ou representante substituto.

Sedación paliativa: Administración de fármacos ou combinacións deles ás doses axeitadas para proporcionar confort e reducir a ansiedade do paciente, case sempre leva consigo diminución do nivel de consciencia.

Sedante: Que calma a dor e a excitabilidade nerviosa.

Situación terminal: Enfermidade avanzada, progresiva, incurable, sen resposta ao tratamento específico e cun pronóstico de vida limitado.

Soporte vital: Tratamentos e medidas encamiñados a proporcionar estabilidade respiratoria, nutricional, cardiocirculatoria e de función renal que eviten a parada respiratoria e/ou cardíaca.

Transfusión: Administración de sangue ou derivados (plaquetas, plasma, albumina) no sistema circulatorio.

Tratamento fútil: Aquel que é ineficaz ou desproporcionado entre o beneficio esperado e os prexuízos.

Tratamento ou procedemento contraindicado: Aquel que leva consigo dano para o paciente ou cuxos beneficios son menores co dano que produce.

Tratamento ou procedemento proporcionado: Aquel que mantén un balance axeitado de custes-cargas/beneficios en función dos obxectivos perseguidos.


Ventilación artificial: Conexión ao paciente de aparatos que suplen total ou parcialmente a función dos pulmóns.



LEXISLACIÓN



- Convenio relativo aos dereitos humanos e á biomedicina. Oviedo, 1997 (BOE nº 251 do 20 de outubro de 1999).
- Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada pola Lei 3/2005, do 7 de marzo (DOG nº 111 do 8 de xuño de 2001 e nº 55 do 21 de marzo de 2005).
- Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica (BOE nº 274 do 15 de novembro de 2002).
- Real Decreto 124/2007, do 2 de febreiro, polo que se regula o Rexistro nacional de instruccións previas e o correspondente ficheiro automatizado de datos de carácter persoal (BOE nº 40 do 15 de febreiro de 2007).
- Decreto 259/2007, do 13 de decembro, polo que se crea o Rexistro galego de instruccións previas sobre coidados e tratamento da saúde (DOG nº 9 do 14 de xaneiro de 2008, e nº 43 do 29 de febreiro de 2008 correspondente a corrección de erros).



ANEXOS



■ ANEXO I: DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS OUTORGADO ANTE TESTEMUÑAS

Eu,.....
maior de idade, con DNI/pasaporte e en-
derezo en, rúa
número, con plena capacidade de obrar e actuando libre-
mente, outorgo o presente documento de **Instruccións Previas**,
en presenza de tres testemuñas, para que se teñan en conta
se no futuro me atopo incapacitado para tomar decisións como
consecuencia do meu deterioro físico e/ou mental.

I. CRITERIOS E VALORES PERSOAIS A TER EN CONTA:

.....
.....
.....
.....
.....

II. SITUACIÓNS SANITARIAS CONCRETAS NAS QUE QUERO QUE SE TEÑAN EN CONTA AS INSTRUCCIÓNS PREVIAS:

- > Situación terminal.
 - > Estado de inconsciencia permanente e irreversible.
 - > Enfermidade progresiva avanzada (demencias, enfermidade dexenerativa do sistema nervioso/muscular, enfermidade inmunodeficiente, cancro diseminado).
 - > Outra enfermidade ou situación clínica grave e irreversible.
 - > Outras
-
.....
.....
.....
.....

III. INSTRUCCIÓN SOBRE CUIDADOS E TRATAMENTOS:

Marcar o que proceda (unha ou máis)

Que non sexan aplicadas –ou ben que se retiren se xa se comezaron a aplicar- medidas de soporte vital ou outras que intenten prolongar a miña supervivencia.

Que me permitan morrer de forma digna e me presten soamente os cuidados de confort necesarios para o meu benestar e para aliviar ao máximo a miña dor e sufrimento.

Que se me apliquen os cuidados e tratamentos necesarios se padecera unha enfermidade progresiva avanzada con posibilidades razoables de mellora e prolongación da supervivencia.

Que se me apliquen os cuidados e tratamentos necesarios para a estabilización da miña enfermidade grave e irreversible.

Outros cuidados e/ou tratamentos

.....

.....

IV. INSTRUCCIÓN SOBRE O DESTINO FINAL DO CORPO:

Marcar o que proceda

Manifesto o meu desexo expreso de que tras o meu falecemento os meus órganos e tecidos:

Poidan ser utilizados para ser transplantados a outras persoas que os necesiten.

Non sexan utilizados para transplantar a outras persoas.

Manifesto o meu desexo expreso de que tras o meu falecemento o meu corpo sexa:

Doado á ciencia.

V. OUTRAS POSIBLES CONSIDERACIÓN:

.....
.....

VI. DECLARACIÓN DAS TESTEMUÑAS:

Os abaixo asinantes, maiores de idade, declaramos que a persoa que asina este documento de instruccións previas, actúa libremente e con capacidade.

Así mesmo, os asinantes como primeira e segunda testemuñas, declaramos non ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade nin estar vinculados por relación patrimonial co outorgante:

Primeira testemuña:

Nome e apelidos:.....
DNI/pasaporte:.....
Enderezo:.....
Concello:..... Provincia:..... CP:.....
Teléfono/s:.....
Sinatura

Segunda testemuña:

Nome e apelidos:.....
DNI/pasaporte:.....
Enderezo:.....
Concello:..... Provincia:..... CP:.....
Teléfono/s:.....
Sinatura

Terceira testemuña:

Nome e apelidos:.....
DNI/pasaporte:.....
Enderezo:.....
Concello:..... Provincia:..... CP:.....
Teléfono/s:.....
Sinatura

Lugar, data e sinatura do outorgante

■ ANEXO II: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE¹

Nome e apelidos do OUTORGANTE:.....

DNI/pasaporte:

Designo como representante, para que, chegado o caso, sirva como interlocutor válido co médico ou o equipo sanitario para procurar o cumprimento do expresado no meu documento de instrucións previas, a:

Nome e apelidos do representante:.....

DNI/pasaporte:.....

Enderezo:.....

Concello:..... Provincia:.....CP:.....

Teléfono/s:.....

Data e sinatura do outorgante

NOMEAMENTO DE SUBSTITUTO DO REPRESENTANTE¹

No suposto de falecemento ou incapacidade do representante mencionado, designo como substituto do representante, para que poida exercer esta representación nas mesmas condicións que as expresadas anteriormente, a:

Nome e apelidos do substituto do representante:.....

DNI/pasaporte:.....

Enderezo:.....

Concello:..... Provincia:.....CP:.....

Teléfono/s:.....

Data e sinatura do outorgante

(1) O nomeamento de representante, así como o do seu substituto, é opcional.

■ ANEXO III: DECLARACIÓN DE TESTEMUÑAS¹

Nome e apelidos do OUTORGANTE:

.....

DNI/ pasaporte:

Os abaixo asinantes como primeira e segunda testemuñas, declaramos non ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade nin estar vinculados por relación patrimonial co outorgante.

Primeira testemuña:

Nome e apelidos:.....

DNI/pasaporte:.....

Enderezo:.....

Concello:..... Provincia:..... CP:.....

Teléfono/s:.....

Data e sinatura:

Segunda testemuña:

Nome e apelidos:.....

DNI/pasaporte:.....

Enderezo:.....

Concello:..... Provincia:..... CP:.....

Teléfono/s:.....

Data e sinatura:

(1) Se esta declaración non consta no documento de instruccións previas, debe xuntarse obrigatoriamente.

ANEXO IV: SOLICITUDE DE INSCRICIÓN DO PRIMEIRO DOCUMENTO, DA SÚA SUBSTITUCIÓN, OU DA SÚA REVOGACIÓN NO REXISTRO GALEGO DE INSTRUCCIÓN PREVIAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

DATOS PERSOAIS DO OUTORGANTE			
Apelidos	Nome	Sexo	DNI/Pasaporte
Data de nacemento	Nacionalidade		Nº tarxeta sanitaria ou CIP
Teléfono	Enderezo (rúa, nº, ...)		Correo electrónico
Concello	Provincia		Código postal
DATOS DE QUEN PRESENTA A SOLICITUDE (1)			
Apelidos	Nome	DNI/Pasaporte	
Enderezo	Concello	Provincia	Código postal
DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA			
<input type="checkbox"/> Documento de instrucións previas. <input type="checkbox"/> Copia compulsada do DNI/pasaporte da persoa outorgante <input type="checkbox"/> Copia compulsada do DNI/pasaporte de quen presenta a solicitude e acreditación da representación (2) <input type="checkbox"/> Copia compulsada do DNI/pasaporte das tres testemuñas e declaración responsable de cando menos dúas delas de non ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculadas por relación patrimonial co outorgante (3) <input type="checkbox"/> Copia compulsada do DNI/pasaporte da persoa representante e substituta, e documento acreditativo da súa designación (4) <input type="checkbox"/> Outros			
FORMALIZACIÓN DA DECLARACIÓN			
<input type="checkbox"/> Ante notario <input type="checkbox"/> Ante tres testemuñas			
MATERIA DA DECLARACIÓN			
<input type="checkbox"/> Coidados e tratamento <input type="checkbox"/> Destino do corpo e órganos			
EXPOSICIÓN			
<p>DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos cantos datos figuran na presente solicitude e, de ser o caso, que as testemuñas non están incursas en ningunha das causas de incompatibilidade legalmente previstas.</p> <p>AUTORIZO, nos termos que establece a normativa sobre protección de datos de carácter persoal e o Decreto 259/2007 polo que se crea o Rexistro galego de instrucións previas da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa ao respecto que sexa de aplicación:</p> <p>Primeiro: a consultar o documento de instrucións previas ao médico que presta a asistencia sanitaria cando chegue a situacións nas cales polas circunstancias non sexa capaz de expresar a miña vontade.</p> <p>Segundo: á cesión de datos ao Rexistro nacional de instrucións previas e outros rexistros relacionados para o cumprimento desta finalidade.</p>			
OBXECTO DA SOLICITUDE			
<input type="checkbox"/> Inscripción do primeiro documento de instrucións previas <input type="checkbox"/> Substitución do documento de instrucións previas <input type="checkbox"/> Revogación do documento de instrucións previas			

(1) Cumprimentar cando non sexa a persoa outorgante.

(2) Presentar cando a solicitude non a presente a persoa outorgante.

(3) Presentar cando a formalización do documento de instrucións previas se realice ante testemuñas.

(4) Presentar cando se designe unha persoa representante.

En a de de 200...

Asdo.:

UNIDADE DO REXISTRO GALEGO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS DE (5)

(5) Delegación Provincial de Sanidade correspondente ou Subdirección Xeral de Aseguramento da Consellería de Sanidade.

■ ANEXO V: REVOGACIÓN DO DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS

Eu,....., maior de idade, co DNI/pasaporte, con capacidade para tomar unha decisión de maneira libre, deixo sen efecto o documento de instruccións previas outorgado en coa data, e rexistrado co número

Lugar, data e sinatura do outorgante

GUÍA DE INSTRUCCIONES PREVIAS SOBRE CUIDADOS Y TRATAMIENTO DE LA SALUD

Edición bilingüe

RE
GIS

TRO GA

LLE

GO

*de instrucciones
previas*

Tu voluntad siempre primero

XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria

DISEÑO Y MAQUETACIÓN:

Andaina  Publicidade

IMPRESOR:

Gráficas Anduriña

DL: PO 710-2008

AUTORES

- Barón Duarte, Francisco Javier
- Castillo Losada, M^a Ángeles
- De la Fuente Cid, Ramón
- Getino García, M^a del Pilar
- López García, M^a Luisa
- Mato Gervás, M^a Antonia
- Molíns Gauna, Nieves
- Sánchez Ibáñez, Jacinto
- Tasende Souto, Margarita Mercedes

EQUIPO REDACTOR

- Bustelo Cerqueiras, Víctor Manuel
- Calabuig Martínez, M^a Teresa
- Getino García, M^a del Pilar
- López García, M^a Luisa
- Tasende Souto, Margarita Mercedes

PRESENTACIÓN	53
CONSIDERACIONES GENERALES	55
1. ¿Qué es el documento de instrucciones previas?	57
2. Planificación anticipada de las instrucciones previas	57
3. ¿Quién puede otorgar el documento de instrucciones previas?	58
4. ¿Cuál debe ser el contenido del documento de instrucciones previas?	58
5. Designación de un representante interlocutor	60
6. ¿Cómo se otorga el documento de instrucciones previas?	61
7. ¿A quién va dirigido el documento de instrucciones previas?	62
8. ¿En qué casos no se pueden aplicar las instrucciones previas?	62
9. Actualización del documento de instrucciones previas	62
10. ¿Existe la posibilidad de revocar el documento?	63
11. Registro gallego de instrucciones previas	63
12. ¿Qué hay que hacer para inscribir un documento en el Registro gallego de instrucciones previas?	64
13. Documentación que hay que presentar para registrar un documento de instrucciones previas	64
14. Resolución de la inscripción de un documento de instrucciones previas en el Registro gallego	65
15. Profesionales sanitarios	66
16. Modelo de documento de instrucciones previas	70
UNIDADES DEL REGISTRO GALLEGO DE INSTRUCCIONES PREVIAS	71
DEFINICIÓN DE CONCEPTOS RELACIONADOS CON LAS INSTRUCCIONES PREVIAS	75
LEGISLACIÓN	83
ANEXOS	87
Anexo I: Documento de instrucciones previas otorgado ante testigos	89
Anexo II: Nombramiento de representante/sustituto	92
Anexo III: Declaración de testigos	93
Anexo IV: Solicitud de inscripción de un primer documento, de su sustitución, o de su revocación en el Registro gallego de instrucciones previas	94
Anexo V: Revocación del documento de instrucciones previas	95

